


Problema770B: Razoa mediante as reaccións correspondentes o pH que terán as disolucións acuosas das seguintes especies químicas: NaNO_3 e NH_4NO_3 . ABAU-Xullo-2022

Nitrato de sodio: É un sal, disociámolo en ións:



O $\text{Na}^+_{(\text{aq})}$ procede dunha base forte NaOH , é o seu ácido conxugado. Se unha base é moi forte o seu ácido conxugado é extremadamente débil, non dará reacción con auga.

O $\text{NO}_3^-_{(\text{aq})}$ procede dun ácido forte HNO_3 , é a súa base conxugada. Se un ácido é moi forte a súa base conxugada é extremadamente débil, non dará reacción con auga.


O nitrato de sodio dá unha disolución neutra en auga.

Nitrato de amonio: É un sal, disociámolo en ións:



O $\text{NO}_3^-_{(\text{aq})}$ procede dun ácido forte HNO_3 , é a súa base conxugada. Se un ácido é moi forte a súa base conxugada é extremadamente débil, non dará reacción con auga.

O $\text{NH}_4^+_{(\text{aq})}$ procede dun base débil NH_3 , é o seu ácido conxugado. Se unha base é débil o seu ácido conxugado non será extremadamente débil, poderá dar reacción con auga.



O ión amonio dá unha disolución debilmente ácida en auga.